

O destino

Władysław St. Reymont

Tradución de Maria Boguszewicz
e Ana Somoza Cornes



Orixinal "Dola" en: *Nowele wybrane*, Warszawa: Państwowy Instytut Wydawniczy, 1972, pp.197-201.

O outono chegara serodio, húmido e tristísimo. No ceo baixo unhas nubes pardas amoreábanse nunha capa de chumbo. O día gris de outubro cheo de néboa tremaba de angustia; a desesperación saloucaba nos asubíos do vento e o murmurio da chuvia parecía o das bágoas que caen sen parar e non se deixan consolar. Porque ata onde chegaba a vista, había aldeas arrasadas, restos de bosques metrallados, ruínas de igrexas, os esqueletos negros das hortas queimadas. A guerra tripara con pés de ferro todo o país ata deixar a terra toda como un cemiterio no que só se vían chemineas vermellas, parecidas a lousas sepulcrais enchoupadas co sangue aínda fresco. Ata os campos xacían deshonorados, estragados, cheos de restos inmundos de homicidios, cascallos e incendios. Ata o ar cheiraba a putrefacción e a queimado. A morte entoaba o seu canto nupcial de triunfo nos cadáveres e nas ruínas. E no este aínda se vían nubes negras de fume coroadas cos relampos vermellos dos incendios. Ardían alí algunhas aldeas, algunhas vilas, algúns pazos e o vento traía o ouveo sórdido, monótono e salvaxe de canóns furiosos. Entre tanto, o xentío entolecido fuxía polo longo camiño que serpeaba polos campos nubrados como un negro río de lama. Avanzaban os carros cargados de pertenzas e de nenos, bruaban unhas vacas levadas polo adival e ouveaban uns cans perdidos. Xurdían das lindes, dos entullos, dos bosques, dos tobos e fuxían a calquera parte do mundo, canto máis lonxe, mellor. Ás veces, tropezaba con eles un destacamento de cabalería galopando ás toas. Outras veces, irrompía algún automóbil cun barullo horroroso. Dispersábanse correndo un momento e, cando o perigo pasaba, volvían ó camiño. Dobrados baixo os seus vultos, mortos de cansazo, esfarrapados, famentos, deslizábanse nun silencio angustioso e tétrico. Tiñan as caras petrificadas de pavor e desesperación. Habíaos que fuxían xa dende había semanas enteiras sen descanso. Durmían nas cunetas, nos foxos e nas trincheiras abandonadas, comendo do que había, unhas veces os restos miserables das provisións, outras unha prea atopada por alí ou, máis a miúdo, unha pataca podre arrincada coas mans da terra xeada. O furacán da guerra arrincáraos das súas sedes ancestrais e levábaos adiante, nunha

esmorga salvaxe de medos, como un fato de follas secas para seren perdidos. De súpeto, contra esa ondada imparabile, un can, parecido a un lobo polo seu pelame rubio e liso, con dentes enormes e a cabeza triangular, saíu das filas fuxitivas, ouveou prolongadamente e volveu correndo. Pensaron que collera a rabia. Ninguén o coñecía, ninguén o detivo. Un par de cans seguírono, mais de contado volveron humildemente. Pero el corría enlouquecido. Arrastrábo algún recordo máis forte que calquera outro. Corría a buscar a súa aldea, a súa caseta e os seus donos. Despois dun anaco sentou no camiño e mirou ao redor cos ollos inxectados en sangue. Todo lle era estraño: eses campos aldraxados, eses camiños, esas ruínas... Nada era o mesmo, era terrible, así que de súpeto volveu correr cara ós campos de batalla de onde se oía o ruído dos canóns e de onde seguía fuxindo a xente. Atravesou os campos nebulosos.

E pasaba os días enteiros nun olfacteo inútil. Recorreu todos os camiños. Daba voltas na redonda dunhas cantas millas, uliscaba todas as aldeas queimadas, xuntábase ás bandas que acampaban nos bosques, seguía os acampamentos, olfacteaba nos campos de batalla, xordo aos tiros e aos berros, indiferente fronte ao perigo. Ás veces, unha man piadosa compartía con el un anaco de pan, pero normalmente respondíanlle con patadas aos seus ganidos humildes. Quedou fraquiño, salvaxe, e non desdeñaba ningún tipo de comida. Algúns vírono beber o sangue humano e sospeitaban cousas peores. Cando se achegaba, tirábanlle pedras ata perdelo de vista. Polo que abandonou á xente e evitaba entrar nas aldeas. Nin sequera se achegaba aos nenos que o chamaban. Seguía incansablemente a buscar os seus. De repente, atopou o rastro familiar precisamente alí onde empezara a busca, só unhas millas máis arriba. Ladrou con ledicia e correu coas últimas forzas. Lembraba que tras aquel outeiro estaba a súa aldea. Lembraba aquela encrucillada onde á sombra das árbores se izaba unha cruz e detrás dela había dúas liñas de casas brancas. Alcanzou o campo e sentou abraiado debaixo da cruz: non estaban as casas brancas, non estaba o bosque ao outro lado do río, non estaba a casa grande do centro da aldea, desapareceran os campos que descendían ata o río – só había montóns de cascallos, amarelos e interminables ribazos de area, pozas, tocos de hortas queimadas, restos de chemineas e unha bandada de corvos que grallaban nas ruínas. A néboa húmida envolvíao todo como con farrapos e todo estaba inundado coas chuvias continuas. Pero o can, a pesar deses cambios terribles, recoñeceu a súa aldea. Corría por todos os casais, olfacteaba, ladraba, buscaba nos entullos, nos currais, nos buratos,

seguía todo rastro humano, pero non era quen de atopar o lugar onde estaba a casa do seu dono. Como se un terremoto arrastrase toda a aldea. En todas partes había só foxos fondos, liñas de arames de pugas, moreas de trabes, montóns de ladrillos, montes de palla podre, filas de tumbas con cruces brancas e baixas, fogueiras apagadas, horribles anacos ensanguentados de farrapos e ferro. Nin rastro de home nin de refuxio. Entroulle un medo delirante. Dobrouse, encrespouse, meteu o rabo entre as pernas e ouveou. Ouveou longa, desesperada e terriblemente. Metíase na lama, raspaba a terra coas unllas e, ganindo, envorcallábase nunha tortura horrible. Os corvos, que o estaban a observar todo o tempo, cando xa non tiña forzas e estaba como morto, descenderon das árbores e, aguzando os peteiros, saltaban cada vez máis preto del. Rodeábano paulatinamente ameazándoo cos seus bicos e os máis atrevidos achegábanse a el coas garras listas. Cubriuno unha nube de ás negras e de peteiros encurvados. Os grallidos curtos e roufeños aproximábanse perigosamente. Aínda así levantouse, fuxiu ata a encrucillada coa cruz e escondeuse na maleza. Os corvos seguirono e pousaron nos arbustos e nas árbores esperando pacientemente. O can estaba deitado e, completamente esgotado, parecía coma se chorase. Un ganido curto, entrecortado, apesarado saíu da súa gorxa. Unha desesperación tremenda oíase naquela voz. Non era quen de moverse e a fame devoráballe as tripas. Non tiña onde ir, non tiña nada que buscar.

A morte cinguíase sobre el. Toda a bandada de corvos pousou na maleza. Así pasaron as horas ata que sentiu o cheiro do home e saíu da maleza arrastrándose tralo vento. No centro da aldea, ao carón da parede da igrexa, descansaban uns miserables. Diante dunha choza feita de vigas e pólas xunto á parede ardía unha fogueira enorme. Cheiraba a patacas asadas. Nun catre apertábanse uns nenos, algunhas mulleres sentadas ollaban o lume e un vello cunha vara sacaba as patacas da fogueira, dáballas aos nenos ou comíaa el mesmo vorazmente. O can, ao achegarse ao lume, ganiu baixiño.

– Fóra de aquí! – fungou o home ameazándoo co atizador. O can apartouse dun chimpo, pero a fame e a necesidade de contacto coa xente fíxolle volver. Nin sequera ganía, só pregaba cos ollos un lugar preto do lume e unha boa palabra humana. De repente, o home escudriñouno dunha maneira tan rara que o can se detivo e ollouno con desconfianza.

– Ven aquí, canciño, non teñas medo! – tentou seducilo botándolle unha pataca para convencelo e palpoulle o enorme lombo con ollos famentos. O can, captando ese ollar feroz, iniciou a retirada. –Será listo! Nenos, chamade ao can! E comezaron a chamalo dunha maneira máis doce.

Pero non funcionou. O can respiraba pesadamente, a espuma saíalle da boca, castañetábanlle os dentes, tremía, pero estaba alerta. Todos os ollos famentos escrutábano e todas as mans parecían tenderse cara á súa gorxa. Xusto despois o can sentiu a vara sobre o lombo e, antes de que o home puidese repetir o golpe, fuxiu ouveando de dor. A bandada de corvos seguiu e situouse na maleza baixo a cruz onde se metera o can e onde estaba a rebentar coa dor.

A chuvia caía continuamente sobre as pólas e a auga pingaba da cruz. O cristo de lata, coa coroa de espiñas, espido, cheo de novas feridas de balas e metrallas, parecía alzar os ollos tremendamente tristes e, todo ensanguentado e aldraxado polos homicidios, murmuraba:

- Señor, oh, Señor, por que me abandonaches?

E dende as fonduras descoñecidas os canóns atronaban sordidamente sen cesar como uns martelos que cravan o cadaleito de todo o que vive.

SOBRE WŁADYSŁAW ST. REYMONT

Este escritor polaco naceu o 7 de maio de 1867. Moi novo deixou a casa paterna e partiu para Varsovia, onde aprendeu a profesión de xastre. Durante os anos 1884-1887 co nome artístico de Urbanski, percorreu o país cun elenco de teatro ambulante. As impresións desta experiencia incluír na súa novela *A Comediante*. Probou varias ocupacións e ata intentou unha vida monástica como frade, antes de trasladarse de novo a Varsovia para dedicarse plenamente á súa carreira literaria. A experiencia que acumulou visitando grandes cidades industrializadas como Lódz, Berlín, Bruxelas e Londres atoparon o reflexo na súa excelente novela *A Terra Prometida* (1899), que ofrece unha imaxe do violento e descontrolado crecemento dunha cidade monstro, unha selva humana na que rexen as leis da cruel loita por sobrevivir. A súa seguinte novela *Os campesiños* (1909), unha extensa novela épica na que narra un ano da vida dun pequeno pobo polaco, levoulle a gañar o Premio Nobel de Literatura (1924), e está considerada a mellor novela rural en Polonia e a crítica internacional chegou ata a comparala coa Iliada de Homero. A obra de Reymont reflicte os tempos en que lle tocou vivir e en que Europa era un rebumbio infernal, unha guerra mundial, a recuperación da independencia por Polonia, revolucións, cambios sociais, novas ideoloxías e descubrimentos científicos. En 1920 o escritor, xa unha personalidade recoñecida e con fama internacional, adquiriu unha pequena propiedade Kolakzkowo (hoxe Museo do escritor) onde pensaba crear un centro de actividades culturais e literarias, plan que se viu interrompido pola súa morte acaecida en 1925.